

ACTA NÚM. 12 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE XUÑO DE 2019.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:04 horas** do día **28 de xuño de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente.

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas
Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarran Vicente

CA:

Don Martiño Noriega Sánchez
Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro

Don Juan Ramón González Carnero, **Interventor do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Proposta da alcaldía sobre a periodicidade das sesións do pleno da corporación.**
- 2. Proposta da alcaldía sobre creación e composición das comisións de informe, estudio e proposta, de carácter permanente e especial.**
- 3. Proposta da alcaldía de representacións dos grupos políticos municipais en distintas sociedades.**
- 4. Proposta da alcaldía relativa ao número de representantes dos grupos políticos municipais no Consorcio, Auditorio e Consellos sectoriais de actuación municipal.**
- 5. Proposta da alcaldía relativa ao réxime de indemnizacións e dedicacións exclusivas dos membros da corporación, así como aos grupos políticos municipais.**
- 6. Dar conta da constitución dos grupos políticos municipais.**
- 7. Dar conta da constitución da Xunta de Goberno, acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno e resolucións de nomeamento de membros da Xunta de Goberno, tenentes de alcalde e concellarías delegadas.**

Cumpriméntase así:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

De conformidade coa proposta do Sr. Alcalde, o pleno da corporación por unanimidade acorda que as sesións ordinarias do pleno teñan periodicidade mensual todos os meses do ano, agás o mes de agosto. Celebraranse o último xoves de cada mes ás 17 horas en primeira convocatoria, no caso de ser este festivo celebrárase dous días antes ou dos días despois á mesma hora, previa consulta á xunta de portavoces.

2. PROPOSTA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE INFORME, ESTUDIO E PROPOSTA, DE CARÁCTER PERMANENTE E ESPECIAL.

Á vista da proposta da alcaldía, o pleno da corporación por unanimidade, aproba a creación e a composición das comisións de informe, estudo e proposta de carácter permanente e especial, que a seguir se indican:

Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas. Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos. Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Comisión da área social, cultura, participación, igualdade e transparencia. Estará composta por un máximo de tres concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Comisión especial de suxestións e reclamacións. Estará composta por dous ou dúas concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Comisión asesora do Patrimonio Histórico. Formarán parte dela dous/dúas concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP e un/unha concelleiro/a dos grupos municipais de CA e BNG.

A Comisión de presidencia, réxime interior, modernización da administración, facenda e especial de contas entenderá de todos aqueles asuntos que non estean comprendidos expresamente no ámbito das outras comisións.

Poderanse constituír comisións especiais para o estudo de diversas materias e baixo a presidencia do alcalde que estarán formadas, salvo disposición en contra, por un concelleiro de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Na súa reunión de constitución, as comisións tanto informativas como especiais, elixirán ao seu presidente efectivo e fixarán o calendario de reunións. As comisións informativas reuniranse en sesión ordinaria polo menos unha vez ao mes e o día será fixado pola propia comisión.

Tamén se constituirá a **xunta de portavoces** como **comisión especial** presidida polo alcalde e composta polos portavoces de cada un dos grupos municipais.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE REPRESENTACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS EN DISTINTAS SOCIEDADES.

Á vista da proposta da alcaldía de data 26 de xuño do corrente ano, o pleno da corporación por unanimidade, aproba a seguinte representación dos grupos políticos municipais:

1.- No Consello de Administración de Mercagalicia, un representante do PSdePSOE, un do PPdeG, e un de Compostela Aberta.

2.- Na Empresa Municipal de Transporte Urbano (TUSSA) e na Empresa Municipal de Información e Comunicación Local (INCOLSA), formarán parte como vogais dos seus respectivos Consellos de Administración en representación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela dous concelleiros designados a proposta do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, dous/dúas concelleiros/as a proposta do Grupo Municipal Popular, un/ha concelleiro/a a proposta do Grupo Municipal de Compostela Aberta e unha concelleira a proposta do Grupo Municipal do BNG.

3.- O alcalde formará parte, en representación do Excmo. Concello, da xunta xeral de UNINOVA e do seu consello de administración da sociedade formarán parte ademais do alcalde, un/ha concelleiro/a do PPdeG, un/ha de Compostela Aberta e unha do BNG.

4.- Na Sociedade Mercantil Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos SL (XADE) o Pleno elixirá a un/ha concelleiro/a en representación de cada un dos catro grupos municipais.

4. PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO NÚMERO DE REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NO CONSORCIO, AUDITORIO E CONSELLOS SECTORIAIS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.

De conformidade coa proposta do Sr. Alcalde de data 24 de xuño do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade aproba a seguinte representación dos grupos políticos municipais:

No CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO: formarán parte do Consorcio da cidade o alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela como presidente, e como vogais os portavoces do grupo municipal Popular, e do grupo municipal de Compostela Aberta. A portavoz do grupo municipal do BNG poderá asistir como convidada.

No AUDITORIO DE GALICIA: formarán parte do Consello Reitor do Auditorio ademais do alcalde como presidente, dous vogais en representación do grupo municipal Socialista, un en representación do grupo municipal Popular, un en representación do grupo municipal de Compostela, Aberta e un en representación do grupo municipal do BNG.

No caso do CONSELLO DA CAPITALIDADE, CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL E CONSELLOS SECTORIAIS e DEMAIS ÓRGANOS a representación será a establecida nos respectivos regulamentos.

Na FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS, un representante de cada grupo político municipal.

No CONSELLO ASESOR DE CONDECORACIÓNS, un representante por cada grupo político municipal.

5. PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS E DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, ASÍ COMO AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Á vista da proposta da alcaldía de data 26 de xuño do corrente ano, o pleno da corporación por 20 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e do BNG, (10 PSdeG-PSOE, 8 PP e 2 BNG), e 5 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, adopta o seguinte acordo:

1- CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, E POLO TANTO CON DEREITO A RETRIBUCIÓN ESTABLÉCENSE AS CONTÍAS, INCLUÍDAS PAGAS EXTRAORDINARIAS:

A) AO ALCALDE: poderá acollerse á dedicación exclusiva por razón do volume de traballo a realizar cunha remuneración de 51.000 € brutos/ano que se actualizará anualmente na mesma porcentaxe que as retribucións do persoal municipal.

B) AS e OS CONCELLEIROS/AS delegados/as poderán acollerse á dedicación exclusiva por razón do volume do traballo a realizar, equiparándose a efectos retributivos aos funcionarios do Grupo A1, Nivel 26. Colocando o límite de dedicacións para o goberno en nove, das que oito poderán facerse efectivas con carácter inmediato e a novena a partir do 1 de novembro de 2019.

C) Ademais existirán dúas dedicacións exclusivas e media a disposición do grupo maioritario da oposición (PP), unha dedicación exclusiva e media máis ao segundo grupo da oposición (CA), que se poderán dividir en tres medias dedicacións cun máximo de 21 horas/semanais, e unha dedicación exclusiva para o terceiro grupo da oposición (BNG), equiparándose a efectos retributivos aos funcionarios do Grupo A1, Nivel 26.

2.- OS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL OUE NON TEÑEN DEDICACIÓN EXCLUSIVA PERCIBIRÁN:

a) Por asistencia a órganos colexiados as indemnizacións vixentes no orzamento municipal.

b) Indemnización, axudas de custo e gastos de representación de acordo coas bases que rexen no orzamento municipal.

3.- OS GRUPOS MUNICIPAIS percibirán para o desenvolvemento das súas actividades unha subvención de acordo co previsto nos orzamentos municipais.

4.- Os membros da Corporación terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas administracións públicas e as establecidas nas bases de execución do Orzamento.

5.- Aqueles membros corporativos que perciban retribucións en forma de dedicación exclusiva, e teñan acreditados trienios na función pública ou en réxime de dedicación exclusiva ao Concello de Santiago e o dereito a axuda familiar, se lles incorporará nos seus haberes mensuais.

6.- Facúltase ao alcalde para que designe aos concelleiros que desempeñarán os cargos en réxime de dedicación exclusiva, dando conta ao Pleno da Corporación na primeira

sesión ordinaria que se celebre, despois da designación e aceptación da mesma polos interesados.

7.- O acordo adoptado non supón incremento con respecto ao orzamento vixente.

6. DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Dáse conta dos escritos presentados polos grupos políticos municipais, para constitución de grupos municipais:

Grupo municipal Socialista, cos seguintes integrantes:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo
Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

Portavoz: D. Gumersindo Guinarte Cabada.

Grupo municipal Popular, cos seguintes integrantes:

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas
Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarran Vicente

Portavoz: Don Agustín Hernández Fernández de Rojas

Portavoz adxunto e suplente do portavoz: Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

Grupo municipal de Compostela Aberta, cos seguintes integrantes:

Don Martiño Noriega Sánchez

Dona Branca Petra Novo Rey
Don Rafael Peña Vidal
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

Portavoz: Don Martiño Noriega Sánchez
Portavoz suplente: Dona Marta Lois González.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, coas seguintes integrantes:

Dona Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro

Portavoz: Dona Goretti Sanmartín Rei.
Portavoz suplente: Dona Navia Rivas de Castro.

7. DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO, ACORDO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO E RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO, TENENTES DE ALCALDE E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

Dáse conta de acordo de constitución da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 24 de xuño de 2019.

Así mesmo, na sesión da Xunta de Goberno, tamén do día 24 de xuño do corrente ano, dáse conta da proposta relativa á delegación de competencias, que ten o seguinte contido:

“3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da alcaldía, de data 19 de xuño de 2019, relativa á delegación de competencias da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, que é do seguinte teor literal:

“Ao abeiro do disposto no artigo 127.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, propoño DELEGAR as seguintes competencias da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

1.- A competencia de autorizar e dispoñer gastos, no marco das Bases de Execución do Orzamento, corresponderán á concelleira delegada de ECONOMÍA e FACENDA,

PERSOAL, CONTRATACIÓN e MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, previa proposta vinculante dos seguintes concelleiros nas materias propias da súa delegación:

2.- A competencia sinalada no artigo 127.1.e) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, na concelleira delegada de URBANISMO, VIVENDA E CIDADE HISTÓRICA; e de ACCIÓN CULTURAL, coa excepción do outorgamento das licenzas de obras maiores.

- A competencia sinalada na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que respecta á concesións e autorizacións para o aproveitamento especial dos bens de dominio público así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles e cunha duración ou uso non superior a un ano, na concelleira delegada de URBANISMO, VIVENDA E CIDADE HISTÓRICA, e de ACCIÓN CULTURAL; e no concelleiro delegado de MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN, e de FESTAS, nas materias correspondentes ás súas respectivas áreas de actividade e responsabilidade.

Así mesmo, na concelleira delegada de URBANISMO, VIVENDA E CIDADE HISTÓRICA, e de ACCIÓN CULTURAL:

- A competencia no que respecta ás autorizacións e cesión de uso de bens municipais outorgadas en precario nas materias correspondentes a súa respectiva área de actividade e responsabilidade, así como a competencia para formular solicitudes de cesións de bens a favor do Concello.

3.- A competencia na concesión de licenzas e autorizacións en materia do cemiterio municipal de Boisaca, na concelleira delegada de POLÍTICAS SOCIAIS E SAÚDE, e de MEDIO AMBIENTE e PARQUES e XARDÍNS.

4.- A competencia no outorgamento de licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, no concelleira delegada de DEPORTES E BENESTAR ANIMAL.

5.- No concelleiro delegado de MOBILIDADE e SEGURIDADE CIDADÁN, e de FESTAS, a concesión de licenzas e autorizacións relativas a transporte público, dentro da xestión ordinaria do departamento, no seu ámbito de competencia.

.- Na concelleira delegada de ECONOMÍA e FACENDA, PERSOAL, CONTRATACIÓN e MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, a competencia sinalada na letra g) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora

das bases de réxime local, no relativo ao desenvolvemento da xestión económica, incluíndose entre outras as que se indican de seguido:

- O recoñecemento dos dereitos xenerados no desenvolvemento da xestión económica.
- A xestión dos ingresos municipais que inclúe:
 - a) Aprobación de liquidacións e recibos, tanto de ingresos públicos como de dereito privado.
 - b) A súa anulación.
 - c) A resolución dos recursos que se presenten contra os mesmos.
 - d) A concesión de aprazamentos e fraccionamentos.
 - e) A resolución das peticións de suspensión dos procedementos de cobro.
 - f) A aprobación das devolucións de ingresos indebidos.
 - g) Os restantes actos en materia de xestión, liquidación, inspección e recadación municipal que non sexan competencia doutros órganos.
- A cancelación de Avais e Fianzas, dentro do ámbito da súa competencia.

E, así mesmo, nesta concelleira de ECONOMÍA E FACENDA, PERSOAL, CONTRATACIÓN e MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, délganse as seguintes competencias:

- As competencias relativas á xestión de persoal que se conteñen nas letras g) e h) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, con excepción de:

* A aprobación da relación de postos de traballo, das retribucións do Persoal, da Oferta de Emprego Público, da determinación do número e do réxime do Persoal eventual e da separación do servizo dos funcionarios.

7.- Delégase no concelleiro delegado de CENTROS SOCIOCULTURAIS e de BARRIOS E OBRAS o outorgamento de licenzas relativas á acometidas e ampliacións das redes de suministros, a excepción do ámbito da Cidade Histórica que corresponderá á CONCELLERÍA DE URBANISMO, VIVENDA E CIDADE HISTÓRICA; e de ACCIÓN CULTURAL.

8.- Delégase a competencia da potestade sancionadora que poida corresponder á Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as dentro do ámbito material das súas competencias.

9.- Delégase na ALCALDÍA as resolucións sobre propostas de representación e defensa xurídica emanados da Asesoría Xurídica.

A delegación de competencias comprenderá as facultades de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Todas estas delegacións enténdense efectuadas, salvo que por lexislación específica as competencias delegadas estean atribuídas a outro órgano municipal.

Nas notificacións das resolucións que diten os respectivos concelleiros delegados, farase constar esta circunstancia.

Esta delegación terá efectos dende a data de adopción do acordo correspondente.”

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes aprobar a proposta da Alcaldía que antecede.”

Tamén se da conta ao pleno da corporación das seguintes resolucións da alcaldía:

De data 17 de xuño de 2019, concellarías-delegadas:

“Iniciado un novo mandato da Corporación que tomou posesión o día 15 de xuño de 2019 e tratando de conseguir unha administración ao servizo da veciñanza do Concello e en exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (B.O.P. 6 de marzo de 2012).

RESOLVO:

Primeiro: Nomear Delegadas/os desta Alcaldía ás/aos concelleiros/as que a seguir se relacionan, coas facultades de dirección e xestión dos servizos que ao final se sinalan:

CONCELLARÍA DE URBANISMO, VIVENDA E CIDADE HISTÓRICA E
CONCELLARÍA DE ACCIÓN CULTURAL a Dona Mercedes Rosón Ferreiro, con competencias en urbanismo (planeamento, licenzas e disciplina urbanística, patrimonio), cidade histórica, vivenda, rehabilitación. Así mesmo, deléganse as competencias seguintes:

As outorgadas a esta alcaldía pola lexislación urbanística, así como as competencias relativas ao exercicio da potestade expropiatoria deste Concello e as que na súa representación corresponden a esta alcaldía en procedementos de expropiación forzosa doutras Administracións.

A orde de expedición e visto e praxe das certificacións que se xeneren no ámbito da súa Area, así como a sinatura dos actos de trámite que remitan desde esa concellaría e que non estean atribuídas especificamente a outros órganos.

Así como, as competencias en Cultura (Auditorio de Galicia, Teatro Principal e Zona C).

CONCELLARÍA DE PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, TURISMO. DELEGADO DO ANO SANTO 2021 a Don Gumersindo Guinarte Cabada, con competencias en Turismo, INCOLSA, cooperación, dereitos cidadáns e padrón de habitantes. Secretario da Xunta de Goberno Local. Así como a delegación xeral de sinatura.

CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS E SAÚDE. CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE, PARQUES E XARDÍNS a Dona María Milagros Castro Sánchez, con competencias en políticas sociais, diversidade, economía social, maiores, saúde, UMAD, UAMI. Así como, as competencias en auga, saneamento, residuos sólidos urbanos e enerxía.

CONCELLARÍA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁN. CONCELLARÍA DE FESTAS a Don Gonzalo Muíños Sánchez, con competencias na Policía Local, Bombeiros e Protección Civil, Tráfico, Grúa e ORA. Deléganselle así mesmo as seguintes competencias:

Sancionadora por infraccións cometidas en materia de Tráfico e Seguridade Vial nas vías urbanas deste Concello.

De outorgamento das autorizacións e licenzas previstas no Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de armas e a competencia sancionadora das infraccións relacionadas coa aplicación da citada norma.

Sancionadora das infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas previstas na lexislación de seguridade cidadán.

Sancionadora das infraccións cometidas en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas previstas na correspondente lexislación.

Así como as competencias relativas á concesión de licenza para a entrada en funcionamento das instalacións eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral para as pequenas diversións que se dean ao público, como feiras e verbenas, en barracas provisionais ou ao aire libre, cabaliños xiratorios, carruseis, columpios, tiro ao branco e similares.

CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, PERSOAL, CONTRATACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL a Dona Marta Abal Rodríguez, con competencias en planificación económica e financeira, xestión tributaria, xestión orzamentaria, política fiscal e de persoal, réxime interno, contratación, arquivo, innovación e informática. Así mesmo, dentro do que indiquen as bases de execución do orzamento, corresponderanlle as seguintes competencias:

Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.

Ordenación de pagamentos, que inclúe a sinatura nos documentos nos que se formaliza o pago material.

Competencias relativa ao exercizo da responsabilidade patrimonial que corresponden a esta Alcaldía.

CONCELLARÍA DE MEDIO RURAL a Don José Manuel Pichel Patiño, con competencias en Medio Rural.

CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN, MOCIDADE. CONCELLARÍA DE POLÍTICAS DE IGUALDADE E POLÍTICAS LINGÜÍSTICAS a Dona Noa Susana Díaz Varela, con competencias en educación, igualdade e normalización lingüística.

CONCELLARÍA DE CENTROS SOCIOCULTURAIS. CONCELLARÍA DE BARRIOS E OBRAS a Don José Javier Fernández Martínez, con competencias na rede de Centros socioculturais, así como na brigada de vías e obras.

CONCELLARÍA DE DEPORTES E BENESTAR ANIMAL a Dona María Esther Pedrosa Carrete, con competencias en Deporte e as competencias que poidan corresponder a esta alcaldía na Fundación Refuxio de Animais.

Segundo: A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:

Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos ou concellarías respectivas.

Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.

Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.

Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.

Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.

Cada concelleira/o terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, podendo ditar os actos administrativos correspondentes, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas polos/as concelleiros/as, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.

A celebración de vodas.

No referente á sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas nos/nas concelleiros/as será efectuada polo Alcalde.

Delegar nos/nas concelleiros/as das respectivas concellarías as facultades de representación desta alcaldía para a petición, tramitación e aceptación de subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno Local ou a outros órganos municipais.

Delégase así mesmo a competencia da postestade sancionadora que poida corresponder a esta alcaldía nos concelleiros/as dentro do ámbito material das súas competencias.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

As competencias non delegadas serán exercidas por esta alcaldía, indicándose a título simplificativo Promoción Económica, Emprego, Mercados e Comercio e a Portavocía da Xunta de Goberno.

Terceiro. Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).”

De data de 17 de xuño de 2019, membros da xunta de goberno e tenentes de alcalde.-

En base ás competencias que me outorga o artigo 126.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 40 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela

RESOLVO:

Primeiro. Nomear membros da Xunta de Goberno ós/ás seguintes concelleiras/os:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada, que asumirá ás funcións de concelleiro-secretario
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez, que asumirá ás funcións de concelleira-secretaria substituta
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez

Segundo. En base ás competencias que me outorga o artigo 125 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 50 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

Nomear primeira tenente de alcalde a Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Nomear segundo tenente de alcalde a Don Gumersindo Guinarte Cabada
Nomear terceira tenente de alcalde a Dona María Milagros Castro Sánchez
Nomear cuarto tenente de alcalde a Don Gonzalo Muíños Sánchez
Nomear quinta tenente de alcalde a Dona Marta Abal Rodríguez

Os/as tenentes de alcalde asumirán as funcións do Alcalde, por delegación expresa, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento legal.

No caso de ausencia por máis de vinte e catro horas e sen haber delegado, ou ante a imposibilidade de outorgala por causa imprevista, a/o Tenente de Alcalde correspondente substituirá ao Alcalde na totalidade das súas funcións, dando conta diso ao resto da Corporación

O/a Tenente de Alcalde substituirá automaticamente ao Alcalde na Presidencia se durante a celebración dunha sesión debe absterse de intervir nalgún punto concreto da mesma, segundo o previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (Por concorrer algunha das causas recollidas na lexislación do procedemento administrativo e de contratos das Administracións Públicas).

Terceiro. Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase ás/aos interesadas/os. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

De data 21 de xuño de 2019, para completar o do día 17 de xuño, de concellerías-delegadas:

“Completando o decreto desta alcaldía de 17 de xuño de 2019, concretando aspectos do mesmo e en exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, de 2 abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno de administración do Concello de Santiago de Compostela (BOP 6 de marzo de 2012).

RESOLVO:

Primeiro: Nomear concelleiros delegados de relacións veciñais a:

Don José Javier Fernández Martínez, con competencias en zona urbana, e

Don José Manuel Pichel Patiño, con competencias en zona rural.

Deléganse nestes concelleiros, no ámbito das súas respectivas competencias, as delegacións que figuran no decreto desta alcaldía de 17 de xuño sinalado.

Segundo: Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D 2568/1986, de 28 de novembro).”

Non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por rematada sendo as 10:35 horas. Dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Xosé A. Sánchez Bugallo

José Ramón Alonso Fernández